

Proxección da Poboación de Galicia. 2002-2051

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

Nestas proxeccións de poboación combínanse dous obxectivos:

- Constituírse nun marco de referencia sobre a evolución máis previsible a curto e medio prazo da poboación galega
- Constatar, a partir da construción de escenarios de futuro, o efecto a máis longo prazo de determinadas dinámicas demográficas.

Este dobre obxectivo condicionou tanto os horizontes temporais da proxección como a propia formulación das hipóteses. Por un lado, construíuse un escenario baseado na evolución máis previsible das diferentes compoñentes que afectan ó crecemento e á estrutura da poboación, trazando polo tanto a senda máis probable de evolución da poboación galega nos próximos anos. Polo outro, construíronse dous escenarios alternativos, un baixo e outro alto, que enmarcan un amplo abanico de contextos demográficos a medio e longo prazo. Mentres que a previsión se limita ó escenario medio e a un horizonte temporal de quince anos, a proxección dos escenarios abarca un período de cincuenta anos.

2. Metodoloxía da proxección

A. Características xerais

- A proxección realizouse mediante o método das compoñentes, utilizando una aproximación de tipo multirrexional para a proxección dos diferentes niveis de desagregación xeográfica e utilizando metodoloxías específicas para cada nivel territorial en función da información dispoñible e dos seus tamaños poboacionais.
- A poboación de partida é a de 1 de xaneiro de 2002, establecéndose dous *horizontes temporais*, o primeiro a 1 de xaneiro de 2017 e o segundo a 1 de xaneiro de 2051.
- Consideráronse distintos niveis de desagregación xeográfica que conforman o sistema rexional da proxección: Galicia (nivel A), as catro provincias (nivel B), e as cincuenta e tres comarcas (nivel C). Para o nivel A obtéñense os resultados para os tres escenarios de proxección e os dous horizontes temporais; para o nivel B considéranse os tres escenarios pero soamente ata o horizonte do 2017; e, para o nivel C a proxección límtase ó escenario central ou de referencia e ó horizonte temporal máis curto.

B. O método das compoñentes

Este método baséase na *ecuación compensadora* que relaciona o crecemento ou decrecemento dunha poboación nun período de tempo en función dos fenómenos demográficos que determinan a súa evolución. Por un lado, os nacementos (N) e os inmigrantes (I), que engaden efectivos á poboación inicial; polo outro as defuncións (D) e os emigrantes (E), que os subtraen:

$$P^{t+n} = P^t + N^{t,t+n} - D^{t,t+n} - E^{t,t+n} + I^{t,t+n}$$

A vantaxe de este método é que considera o crecemento da poboación como o resultado da combinación da evolución futura dos fenómenos demográficos e da interrelación que se establece entre eles e as estruturas poboacionais.

C. A proxección dun sistema rexional

Unha das características desta proxección é a consideración de tres niveis distintos de desagregación territorial (Galicia, provincias e comarcas). Para asegurar a coherencia tanto das hipóteses como dos resultados entre os distintos niveis de proxección e ó mesmo tempo manter as peculiaridades demográficas das diferentes unidades utilizouse un modelo de tipo multirrexional. Nestes modelos, o lazo de unión entre as rexións do sistema son as migracións internas que son asignadas a cada unha das áreas en función das rexións de emigración, é dicir, especifícase a totalidade dos fluxos migratorios entre as diferentes áreas. Paralelamente, a mortalidade, a fecundidade e as migracións co exterior artículanse mediante modelos relacionais a partir das hipóteses formuladas para a área superior e das peculiaridades de cada rexión.

A expresión dun modelo multirrexional é:

$$P_i^{t+n} = P_i^t + (P_i^t * F_i^{t,t+n}) - (P_i^t * M_i^{t,t+n}) - (P_i^t * E_i^{t,t+n}) + I_i^{t,t+n} \\ - \sum_j (P_i^t * EInt_{i,j}^{t,t+n}) + \sum_j (P_j^t * EInt_{j,i}^{t,t+n})$$

onde i é a rexión proxectada, j o resto de rexións e $EInt$ a función de migracións internas.

A implementación do sistema multirrexional e a realización da proxección realizouse nunha serie de fases. Na primeira proxéctase Galicia como unidade independente, formulando diferentes hipóteses sobre a mortalidade, a fecundidade, a inmigración do estranxeiro e do resto de España, e a intensidade da emigración a España¹. Estas hipóteses determinan algúns parámetros da proxección dos niveis inferiores, como o número e as características

¹ Non se considera a emigración de galegos ó estranxeiro ó dispoñer de datos só para o ano 2002. A calidade e tendencia desta información deberán ser contrastadas cando se dispoña dunha serie temporal máis ampla.

dos inmigrantes, e marcan as tendencias de evolución da mortalidade, a fecundidade e a emigración exterior.

Nunha segunda etapa proxéctanse as catro provincias mediante o uso dun modelo multirrexional. Para cada provincia fórmulanse hipóteses específicas de mortalidade, fecundidade e migración, aplicando métodos relacionais que aseguran a súa coherencia coas formuladas previamente para o conxunto da comunidade. Os inmigrantes exteriores a Galicia proxectados na etapa anterior repártense entre as provincias a partir de matrices de distribución segundo a orixe da inmigración, xa sexa do resto de España ou do estranxeiro, e dentro desta última, diferenciando entre a de nacionais e non nacionais españois. A especificidade desta etapa radica na estimación da evolución dos intercambios migratorios entre as provincias galegas. Os resultados desta etapa serven de referencia para a proxección do seguinte nivel territorial.

Finalmente, na última etapa procédese a proxectar as comarcas de cada unha das provincias. Aínda que se utiliza novamente un enfoque de tipo multirrexional, ó ser o máis idóneo para a proxección das migracións internas, simplifícase o proceso de formulación de hipóteses polo escaso tamaño poboacional da maioría das comarcas. Na mortalidade aplícanse a todas as comarcas as hipóteses construídas para a provincia na que se integran. Na fecundidade e na emigración ó exterior as grandes tendencias son as fixadas para a súa provincia, considerando soamente a existencia de diferenciais de intensidade no momento de partida pero asumindo que o calendario destes fenómenos demográficos é idéntico ó da provincia. Os inmigrantes a cada comarca están constituídos por tres tipos de fluxos (estranxeiro, resto de España e outras provincias galegas) que derivan das dúas etapas anteriores, asignándose a cada comarca en función de matrices de distribución segundo o tipo de fluxo. O peculiar desta etapa é a estimación dos fluxos internos de migración entre as comarcas de cada unha das provincias.

D. A poboación de partida

Unha cuestión previa a dilucidar era a poboación inicial da proxección, xa que se dispoñía de dúas fontes de natureza e finalidade diferente: por un lado, a operación censual de 2001, polo outro, as poboacións derivadas do Padrón Continuo. Optouse por utilizar como base o Censo de 2001, xa que a posterior proxección de fogares requiría do uso de variables censuais, o que podía orixinar desaxustes no caso de usar as poboacións padroais.

O Censo de 2001 ten como data de referencia o 1 de novembro o que dificulta a realización da proxección ó producirse unha discordancia entre idade e xeración, xa que os individuos que declaran unha mesma idade pertencen a dúas xeracións distintas. Polo tanto, foi necesario trasladar a poboación a 1 de xaneiro, momento no que os individuos nados nun mesmo ano teñen unha mesma idade cumprida. Debido ó menor lapsus temporal, en vez de retrotraer o Censo a principios de ano, procedeuse a trasladalo a 1 de xaneiro de 2002.

Nesta poboación detectouse un lixeiro subregistro de efectivos infantís que foi necesario corrixir, a partir dos nacementos, das defuncións e das altas e baixas da EVR correspondentes ás xeracións nadas entre 1997 e 2001.

A poboación de partida, que se obtivo por translación a 1 de xaneiro de 2002 do Censo de 2001 con corrección da poboación infantil, é inferior en algo máis de 40.000 persoas á do Padrón Continuo a idéntica data. En termos relativos equivale a un 1,5%, localizándose as maiores diferenzas nas provincias de Ourense e Pontevedra cun 1,7% e a menor en Lugo cun 1,3 %. É probable que esta diferenza de nivel se manteña ó comparar as poboacións que se obteñan dos sucesivos padróns continuos cos resultados dos primeiros anos da proxección.

3. Formulación de hipóteses

A. Mortalidade

A proxección da mortalidade debe considerar dous aspectos: o seu nivel xeral, reflectido na esperanza de vida e a súa estrutura ou patrón por idade. O método utilizado para a proxección da mortalidade para o conxunto de Galicia artículase nas seguintes etapas:

- En primeiro lugar, proxectouse a esperanza de vida ó nacer para cada ano do período 2002-2050, axustando unha función loxística ós datos observados do período 1970-2001. Nesta proxección optouse por construír tres hipóteses de mortalidade ó 2050, cuns valores que serven como referencia para fixar os límites superiores da función loxística.

Escenarios de mortalidade ó 2016 e ó 2050

	Media		Alta		Baixa	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2016	78,0	84,9	78,5	85,2	77,7	84,5
2050	80,0	86,0	81,5	87,0	79,0	85,0

- En segundo lugar, proxectáronse os correspondentes patróns de mortalidade asociados a cada unha das hipóteses de esperanza de vida ó 2050. Estes patróns construíronse a partir de formular diferentes hipóteses de evolución da mortalidade por idade, utilizando a función de mortalidade proposta por L. Helligman e J. Pollard (1980). Esta función presenta a vantaxe de resumir a complexidade da curva das probabilidades de morrer en tres compoñentes que se identifican con diferentes etapas do ciclo vital, o que permite formular hipóteses diferenciadas sobre cada unha delas, modificando os correspondentes parámetros da función:

$$q_x = A^{(x+B)^C} + De^{-E(\ln x - \ln F)^2} + GH^x$$

A primeira compoñente está relacionada coa mortalidade na infancia, a segunda compoñente considera a sobremortalidade adulta-nova, e a última compoñente reflicte a mortalidade ligada ó envellecemento.

- As táboas de mortalidade para cada ano da proxección obtéñense a partir do último patrón de mortalidade observado e dos proxectados ó 2050.
- Finalmente, procedeuse a contrastar as hipóteses e a súa adecuación ás tendencias recentes da mortalidade por idade e sexo co obxectivo de comprobar a súa consistencia.
- A proxección da mortalidade provincial levouse a cabo mediante un método relacional que considera os diferenciais territoriais no momento inicial da proxección e a evolución prevista para o conxunto de Galicia. A hipótese subxacente é que a longo prazo se producirá unha converxencia entre as provincias, tanto no nivel da esperanza de vida como na súa estrutura por idades.

B. Fecundidade

Para a proxección da fecundidade optouse por unha aproximación lonxitudinal. Os datos anuais de nacementos por cohorte da madre do período 1975-2001 permitiron reconstruír de forma parcial a fecundidade das xeracións galegas que durante ese período se encontraban en idade fértil. A proxección da fecundidade das xeracións realizouse combinando diferentes métodos en función da información dispoñible sobre cada unha delas.

Para as xeracións nadas entre 1953 e 1964 procedeuse a completar a súa descendencia final axustando ós valores observados unha función de tipo gamma:

$$F(y) = \frac{ab^c y^{c-1} \exp(-by)}{\Gamma(c)}$$

sendo y unha transformación da idade x igual a $x-15$, e os parámetros:

$$a = ISF \quad b = \frac{\bar{y}}{\sigma_y^2} \quad c = \frac{\bar{y}^2}{\sigma_y^2}$$

Esta función permitiu prolongar a curva de fecundidade para aquelas idades das que non se dispón aínda de información, obténdose as correspondentes taxas específicas.

O segundo grupo de xeracións constitúeno as nadas entre 1965 e 1975, das que se dispón de información parcial sobre a súa fecundidade ata determinadas idades. O procedemento consistiu en establecer dous modelos de fecundidade, correspondentes ós escenarios medio e alto, para a xeración máis recente, modificando os correspondentes parámetros da función gamma. A partir deses modelos e da curva de fecundidade da xeración 1964 interpoláronse as taxas das xeracións intermedias. .

O terceiro grupo constitúeno as xeracións máis recentes, aquelas que entraron nas idades fértiles nos últimos anos ou entrarán nos próximos. Estes supostos formalizáronse na construción de dous modelos normativos de fecundidade para a xeración 2005, correspondentes tamén as hipóteses media e alta. A fecundidade das xeracións nadas entre 1976 e 2004 calculouse interpolando entre as curvas de fecundidade dos modelos normativos das xeracións 1975 e 2005. As curvas de fecundidade da xeración 2005 mantivéronse constantes para as xeracións posteriores.

Este procedemento utilizouse para a construción das hipóteses media e alta de fecundidade. Ademais, formulouse unha hipótese baixa que consiste en prolongar a caída da descendencia final das xeracións ata acadar un mínimo de 1,08 fillos por muller e unha idade media á maternidade de 32 anos para as mulleres nadas en 1980. Nesta hipótese instáurase de forma estrutural un modelo de moi baixa fecundidade que se mantén constante nas xeracións posteriores.

Unha vez se dispón, para cada unha das tres hipóteses, da matriz de taxas de fecundidade por idade e xeración procédese á súa translación a datos de momento, realizándose os axustes pertinentes para asegurar a dobre coherencia lonxitudinal-xeracional e a transición entre valores observados e proxectados. O resultado son tres hipóteses de evolución do índice sintético de fecundidade, da idade media á maternidade e das taxas de fecundidade por idade:

Proxección do ISF e da idade media á maternidade. Galicia

	Índice Sintético de Fecundidade			Idade Media á Maternidade		
	Baixa	Media	Alta	Baixa	Media	Alta
2001		0,95			30,6	
2002	0,95	0,96	0,99	30,8	30,8	30,8
2003	0,96	0,98	1,03	31,0	31,0	30,9
2004	0,97	1,01	1,08	31,1	31,1	31,0
2005	0,99	1,03	1,12	31,2	31,2	31,1
2006	1,00	1,05	1,15	31,4	31,4	31,3
2007	1,01	1,07	1,19	31,5	31,5	31,4
2008	1,02	1,09	1,22	31,6	31,6	31,4
2009	1,04	1,11	1,25	31,7	31,7	31,5
2010	1,05	1,13	1,27	31,8	31,8	31,6
2011	1,06	1,15	1,30	31,8	31,8	31,6
2012	1,06	1,16	1,32	31,9	31,9	31,6
2013	1,07	1,18	1,35	31,9	31,9	31,6
2014	1,07	1,19	1,37	32,0	31,9	31,6
2015	1,08	1,20	1,39	32,0	31,9	31,5
2016	1,08	1,22	1,41	32,0	31,9	31,5
2021	1,08	1,27	1,49	32,0	31,7	31,1
2026	1,08	1,35	1,62	32,0	31,4	30,5
2031	1,08	1,45	1,75	32,0	31,1	30,2
2036	1,08	1,50	1,80	32,0	31,0	30,1
2041	1,08	1,50	1,80	32,0	31,0	30,1
2046	1,08	1,50	1,80	32,0	31,0	30,0
2050	1,08	1,50	1,80	32,0	31,0	30,0

A fecundidade das provincias non se proxectou independentemente senón que se estimou a partir das tendencias previstas para o conxunto de Galicia en cada unha das hipóteses. Desta maneira, a evolución futura da fecundidade provincial está determinada pola da comunidade, aínda que tamén se considerou aquilo que é específico de cada provincia tanto en relación coa intensidade do fenómeno como na súa estrutura por idades.

En primeiro lugar, estímense os índices sintéticos de fecundidade a partir dos diferenciais observados en 2000-01 entre cada provincia e Galicia e dos valores proxectados para o conxunto da Comunidade. Os diferenciais de partida fanse tender a 1 no longo prazo, producíndose un proceso de converxencia das provincias con Galicia. Non obstante no horizonte da proxección provincial aínda persisten diferenzas interprovinciais na propensión a ter fillos.

En segundo lugar, proxéctanse as estruturas por idade da fecundidade provincial para cada unha das hipóteses. A continuación relaciónanse mediante unha ecuación lineal os valores do período 2000-01 de cada unha das provincias cos de Galicia. Os parámetros desa ecuación proxéctanse baixo o suposto de converxencia a longo prazo das estruturas da fecundidade das provincias coa do conxunto da Comunidade. Finalmente, a partir dos parámetros de cada provincia, calcúlase a fecundidade acumulada relativa e as correspondentes taxas específicas de fecundidade por idade para cada ano da proxección e hipótese.

Esta proxección inclúe un terceiro nivel de desagregación territorial, que se corresponde coa división comarcal. Se ben na mortalidade considerouse que non existían diferenzas intercomarcais, ou que de existir, non eran relevantes en termos de proxección de un sistema rexional, na fecundidade optouse por consideralas.

Supúxose que as diferenzas intercomarcais se circunscriben á intensidade do fenómeno pero non á súa estrutura por idades. Polo tanto, unicamente consideráronse os diferenciais no índice sintético de fecundidade entre as comarcas e a súa provincia no momento inicial da proxección, supoñendo que estes se irán amortiguando ata converxer no medio prazo.

C. Migracións

Nas migracións, xunto á dimensión demográfica do sexo e a idade, engádese unha dimensión espacial, a da orixe e o destino dos intercambios migratorios. Polo tanto, xunto ás hipóteses sobre a súa intensidade e a súa estrutura por idade, hai que realizar tamén supostos sobre a súa incidencia e distribución territorial.

Por definición, mentres que a emigración depende dos efectivos poboacionais de Galicia e da súa propensión a emigrar, a inmigración depende da poboación do resto de España e do mundo e da súa propensión a emigrar a Galicia. En termos operativos o primeiro tipo de fluxo debe tratarse en termos de taxas de emigración, mentres que para a inmigración debe recorrerse á análise e á previsión dos fluxos absolutos.

Inmigración

As entradas a Galicia están constituídas por tres tipos de fluxos que foron tratados de forma independente: o que ten a súa orixe no resto de España, o procedente do estranxeiro de nacionalidade española, e o de estranxeiros.

A proxección de cada un destes tipos de inmigración consta de tres etapas. Na primeira establécese o volume do fluxo anual e a súa distribución segundo o sexo. Na segunda, o total de inmigrantes por sexo asígnase ás diferentes idades sobre a base dun patrón migratorio. Finalmente, nunha terceira etapa, os inmigrantes por sexo e idade son repartidos entre as unidades que constitúen os diferentes niveis territoriais de proxección mediante matrices de distribución segundo o destino.

En canto o volume formuláronse as seguintes hipóteses:

- En relación coa inmigración do resto de España, a hipótese media ou de referencia presupón un lixeiro incremento do seu volume a moi curto prazo, mantendo a tendencia observada nos anos máis recentes, para iniciar inmediatamente un suave descenso ata valores en torno de 10.000 inmigrantes anuais ó final da proxección, é dicir, a valores similares á media do período 1994-1995. Na alta, o incremento inicial é máis importante e máis duradeiro cun descenso máis tardío e de menor contía. Na baixa, considérase que o seu recente aumento responde a un fenómeno conxuntural, téndose xa acadado os valores máximos, contraéndose de forma acelerada a curto prazo.
- No que respecta a inmigración de estranxeiros, a hipótese baixa presupón unha rápida desaceleración ata a súa desaparición en 2020, e un total de 50.000 entradas no período 2002-2020. . A hipótese media prodúcese unha paulatina redución ata valores en torno a 5.250 a partir de 2020, cunha achega total de 126.000 persoas nas dúas próximas décadas. Na hipótese alta dáse un incremento de inmigrantes no curto prazo estabilizándose en torno dos 9.600 a partir de 2020, cun continxente total é de 181.000 persoas entre 2002 e 2020.
- A proxección da inmigración do estranxeiro de nacionais españois susténtase na progresiva extinción dos continxentes de poboación orixinaria de Galicia residente no exterior. Non obstante, o incremento dos últimos anos, no que xogou un papel relevante a dos seus descendentes, motivou que se constrúisen dúas hipóteses. A traxectoria que debuxan ambas é similar, aínda que difiren en canto á súa evolución a curto prazo e á magnitude dos fluxos. Por un lado, na hipóteses baixa mantense constante nos primeiros anos o último valor observado e na alta increméntase ata un máximo de 10.000 en 2005. Polo outro, o seu volume redúcese ó final da proxección a pouco máis de 500 na hipótese baixa, mentres que na alta nunca é inferior a 4.000 persoas.

Do conxunto de combinacións posibles entre as hipóteses dos diferentes tipos de inmigración retivéronse tres, que conforman os escenarios de inmigración da presente proxección de Galicia

Proxección do total de inmigración a Galicia, 2002-2050

	Escenario Baixo	Escenario Medio	Escenario Alto
Combinación de hipóteses			
Inmigración Estranxeiro Españois	baixa	baixa	alta
Inmigración Estranxeiro Estranxeiros	baixa	media	alta
Inmigración de España	baixa	media	alta
Volumes de inmigrantes			
Media anual 1993-1995		14.358	
Media anual 2000-2002		26.862	
2002-2016	332.205	460.478	536.971
por ano	22.147	30.699	35.798
2016-2050	385.562	706.256	1.073.643
por ano	11.340	20.772	31.578
2002-2050	701.524	1.138.827	1.575.126
por ano	14.317	23.241	32.145

Emigración

O input de proxección son as taxas de emigración por sexo e idade, que aplicadas ás correspondentes pirámides de poboación permiten obter para cada ano da proxección os emigrantes a España distribuídos por sexo e idade. Estas taxas son o resultado dunha serie de hipóteses sobre a intensidade e o calendario da emigración a España.

A intensidade da emigración ó resto de España proxectouse a partir de tres escenarios de evolución futura do índice sintético de emigración por sexo.

- A hipóteses baixa presupón que a curto prazo se producirá unha forte redución da propensión dos galegos a emigrar ó resto de España, configurándose o incremento dos últimos anos como un período excepcional. Nos primeiros cinco anos o ISM redúcese ó redor dun 30 por cento en relación co máximo observado en 2002, situándose dende mediados da segunda década deste século en valores similares ós de 1994-1995.
- Na hipótese media o descenso do índice sintético de emigración, se ben se da tamén desde os primeiros anos da proxección, será menor e cunha tendencia máis sostida, case lineal. Para o conxunto do período 2002-2050 prevese unha redución do 30 por cento.
- A hipótese alta prevé que a curto prazo aumentará a emigración, de acordo coas tendencias máis recentes de incremento da mobilidade, e que a longo prazo se manterá unha situación de elevada propensión a emigrar.

Movements migratorios interprovinciais

O input da proxección son as taxas de emigración por sexo, idade, provincia de orixe, provincia de destino, e ano da proxección. Este input obtense como o resultado do produto de tres elementos: unha intensidade, unha estrutura de idades e unha matriz de fluxos orixe-destino. A única hipótese formulada foi a de manter constante o índice sintético de emigración nos valores do trienio 2000-2002, mantendo a estrutura de idades e a matriz de fluxos dese mesmo período.

As migracións internas na proxección comarcal

Para este nivel territorial de proxección as migracións internas correspóndense con aquelas que teñen como orixe e como destino as comarcas dunha mesma provincia. Para a súa proxección utilizouse un enfoque similar, aínda que adaptando a metodoloxía ó escaso tamaño poboacional da maioría das comarcas.

4. Construción de escenarios

A combinación selectiva das diferentes hipóteses sobre a evolución das compoñentes do crecemento demográfico concrétase na construción de tres escenarios de futuro.

Escenarios de proxección. Galicia 2002-2051

	Baixo	Medio	Alto
Mortalidade	Baixa	Media	Alta
Fecundidade	Baixa	Media	Alta
Inmigración estranxeiro no españois	Baixa	Media	Alta
Inmigración estranxeiro españois	Baixa	Baixa	Alta
Inmigración do resto de España	Baixa	Media	Alta
Emigración ó resto de España	Alta	Media	Baixa
Pob 1/1/2002		2.696.151	
Pob 1/1/2017	2.580.044	2.758.515	2.958.231
Pob 1/1/2037	2.121.194	2.613.677	3.214.573
Pob 1/1/2051	1.734.073	2.411.740	3.307.441

- O *escenario baixo* baséase na prolongación dun contexto de moi baixa fecundidade, en torno de 1,08 fillos por muller, e dun incremento moi moderado da esperanza de vida. Nas migracións considérase un lixeiro incremento da emigración, e unha desaceleración dos fluxos de entrada. As consecuencias que se derivan son unha forte redución da poboación galega e un acelerado envellecemento da súa estrutura demográfica.

- O *escenario medio ou de referencia* considera unha evolución máis favorable da mortalidade e un crecemento sostido da fecundidade ata valores de 1,5 fillos por muller. Os saldos migratorios son positivos de importante magnitude aínda que decrecentes no tempo. Esta dinámica demográfica permite un lixeiro aumento da poboación galega a curto prazo, aínda que posteriormente desemboca nun contexto de perdas de poboación. Este é o escenario que se considera máis previsible a curto prazo.
- O *escenario alto* prevé un maior incremento da esperanza de vida e unha recuperación máis rápida e intensa da fecundidade, ata 1,8 fillos por muller. O saldo migratorio positivo de Galicia aumenta nos primeiros anos e sitúase sempre por riba dos máximos observados no período máis recente, cun aporte neto de máis de 1 millón de persoas entre 2002 e 2051. As tendencias deste escenario aseguran un crecemento dos residentes en Galicia tamén a medio e longo prazo, aínda que sen evitar un envellecemento da poboación.

5. Presentación de resultados

Os *resultados da proxección* varían en función do nivel xeográfico e do horizonte da proxección. Os principais outputs que se obtiveron son:

- Poboacións a 1 de xaneiro por idade simple e sexo, ata 90 anos e máis, dende o 2002 ó 2017 para Galicia e provincias segundo os tres escenarios.
- Poboacións a 1 de xaneiro por idade quinquenal e sexo, hasta 85 anos e máis, dende o 2002 ó 2017 para as comarcas segundo o escenario central.
- Poboacións a 1 de xaneiro por idade quinquenal e sexo, hasta 90 anos e máis, dende o 2002 ó 2051 para Galicia segundo os tres escenarios.

Na web, estes resultados aparecen coa seguinte estrutura e opción das variables:

- **Proxección a curto prazo**
 - Ámbito xeográfico: provincias e Galicia
 - Período: 2002-2017
 - Escenarios: baixo, medio e alto
 - Idade: idades simples e grupos quinquenais
- **Proxección a longo prazo:**
 - Ámbito xeográfico: Galicia
 - Período: 2002-2051
 - Escenarios: baixo, medio e alto
 - Idade: grupos quinquenais
- **Proxección comarcal:**
 - Ámbito xeográfico: comarcas, provincias e Galicia
 - Período: 2002-2017
 - Escenarios: medio
 - Idade: grupos quinquenais